

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL VÍNCULOS A TEMPO PARCIAL

Os **nomeamentos a tempo parcial** ofertaranse, en primeiro lugar, ás persoas aspirantes que teñan marcada a súa opción voluntaria para este tipo de vínculos. O seu rexeitamento sen motivo xustificando será motivo de penalización.

*Se non hai dispoñibles nas listas de tempo parcial, chamarase **pola lista xeral** da categoría (aínda que non teña marcada a súa voluntariedade nas listas de tempo parcial). O seu rexeitamento será motivo de penalización.*

Isto xa viña sendo así no Pacto anterior, sen embargo no **Novo Pacto** engádese o seguinte:

*Non obstante, neste caso, **e previa solicitude da persoa interesada** quedará dispoñible para **calquera oferta a xornada completa** que lle corresponda pola súa orde na lista (contacta coa túa sección sindical de **CCOO** de referencia para facer a solicitude).*

Unha vez presentada a solicitude para que lle oferten os vínculos a xornada completa, o seu rexeite será motivo de penalización.

Non será necesario facer a solicitude ata a entrada en vigor do Novo Pacto e posterior actualización das listas, e ata a oferta deste tipo de vínculo.

Para máis información, acode á túa delegada sindical de CCOO

5 de maio do 2026